



Padrón

Excmo. Concello de Padrón

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno.: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM. 294/2013

Visto o escrito presentado o 27 de abril do 2013, número de rexistro de entrada 3522, por don Camilo Forján Seoane, en representación do PSdeG-PSOE e membro da Corporación Municipal de Padrón, no que solicita copia dos informes externos solicitados polo Grupo de Goberno, e

Considerando o disposto no artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local e 14 do Real decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro. Outorgar a don Camilo Forján Seoane, copia dos informes externos solicitados polo Concelleiro Delegado, don Francisco Javier Guillán Iglesias, en relación co servizo de recollida e transporte de RSU: Informe emitido por Tomy Palacios Martínez, Abogado, sobre prego de cláusulas administrativas e copia en CD de diversa documentación para a elaboración administrativa da mesma, e estudo de viabilidade técnico-económico do servizo emitido por JyP Cantabria Ingenieros S.L., quen poderá recollelas nas oficinas municipais de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, e os sábados de 9:00 a 13:00 horas.

Segundo. Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Padrón, 30 de abril de 2013



Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira.



Ante min
A secretaria,

Asdo. Ana María Ares Álvarez.



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE 295/2013

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Primeiro. En data 16 de abril de 2013 a Asociación "Moto Club Enduro Rois" con CIF G70300272 presenta solicitude de autorización municipal para a celebración, en data 2 de xuño de 2013, da 2ª proba puntuable para o Campionato Galego de Resistencia Enduro, baixo a denominación "I Resistencia Enduro Concello de Padrón".

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Trátase da autorización para a celebración dunha proba de resistencia, consistente na delimitación dun circuito valado e delimitado por cinta no que os participantes darán voltas durante 4 horas. O circuito non incide na circulación ordinaria da zona, ao realizarse campo a través, no Polígono Empresarial de Pazos. Neste senso a organización asume a responsabilidade que se poida derivar de danos ocasionados a bens particulares ou públicos, así coma aos participantes e espectadores.

Neste senso, a autorización municipal non exime do cumprimento da normativa de aplicación, da obriga dos organizadores de contar cos preceptivos seguros de responsabilidade civil, e en xeral a adopción das medidas de seguridade necesarias para a celebración da proba.

Segundo. Resulta competente o Alcalde, en virtude do disposto polo artigo 21 da lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local.

RESOLVO:

Primeiro. Autorizar a celebración do tradicional "I Resistencia Enduro Concello de Padrón", en data 2 de xuño de 2013, no Polígono Empresarial de Pazos, de 9 a 14 horas, actuando coma entidade organizadora e responsable do evento a asociación "Moto Club Enduro Rois"

A autorización se outorga coas seguintes previsións e condicións:

- a) Será responsabilidade do solicitante tanto o acondicionamento do espazo solicitado como a adopción das medidas de seguridade necesarias, así coma o cumprimento da normativa de aplicación en materia de seguridade deste tipo de probas, seguros obrigatorios, control de acceso e concordantes.
- b) Deberá deixar as instalacións e o recinto en perfectas condicións de limpeza e hixiene ao remate do evento, así coma repoñer calquera alteración do terreo ao seu estado anterior ao evento.
- c) Calquera dano no dominio público será de conta do autorizado, así como, de selo caso, os gastos de reposición e indemnizacións dos danos e perxuízos que lle poidera causar ao Concello de Padrón.
- d) A persoa autorizada asume a responsabilidade polos danos e perxuízos que poidera causar ás e aos asistentes ao evento.
- e) A presente autorización non poderá ser transmitida en ningún caso.

- f) Serán de conta da persoa autorizada os dereitos que, no seu caso, correspondan á Sociedade General de Autores.
- g) A presente autorización poderar ser revogada unilateralmente polo Concello de Padrón en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización algunha a favor do autorizado.
- h) A autorización outórgase con carácter gratuito.
- i) En todo caso, o Concello de Padrón se reserva a facultade de inspeccionar o lugar co obxecto de garantir que se use de acordo aos termos desta autorización.
- j) Non poderá recibir das ou dos asistentes prestación económica de ningún tipo. En caso contrario, será causa de resolución inmediata da presente autorización.
- k) Serán causas de extinción da presente autorización:
- i. O mutuo acordo.
 - ii. O incumprimento de calquera das condicións desta autorización.
 - iii. O remate do prazo máximo da mesma.

Segundo. A presente autorización outórgase salvo dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.


Terceiro. Dar traslado do presente acordo ao servizo de Policía Local e a Garda Civil para o seu coñecemento, así coma dar conta ao pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Cuarto. Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

En Padrón, a 2 de maio do 2013



 Asdo. An... Fernandez Angueira.

Ante min
 A Secretaría Municipal,


 Asdo. A... Araes Álvarez



DECRETO RESOLUCIÓN EXPEDIENTES SANCIONADORES DE TRÁFICO

Nº 296/2013

Vistas as alegacións presentadas, as dilixencias practicadas e concluída a instrución deste expediente no que actúa como órgano instructor a Unidade de Sancións Municipais de Tráfico da Deputación Provincial (UISMT) por adhesión do Concello ás Bases publicadas no BOP núm. 160, do 17 de xullo de 2009 e segundo o art. 81.4 do RDL 339/1990, do 2 de marzo (LSV), elévase PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA con base nos seguintes fundamentos de dereito:

Fundamento 1º. As denuncias formuladas polos Axentes da Autoridade encargados da vixilancia do tráfico darán fe, salvo proba en contrario, dos feitos denunciados (Art. 75 LSV). Do mesmo xeito, e dacordo cos ap. 1 e 2 do art. 92 LSV non se aprecia a prescrición da infracción

Fundamento 2º. A infracción, cometida en vía urbana, cualificouse respectando o principio de proporcionalidade, por causar prexuízo a outros usuarios da vía, afectar á equitativa distribución do espazo público ou ben ao seu uso normal pois as actividades persoais ou profesionais débense enmarcar no respecto ás normas de circulación e á sinalización viaria.

Fundamento 3º. A alegación consistente na simple disconformidade dos feitos ou en causas xustificativas para a súa comisión non producen a nulidade das actuacións, non desvirtúan os feitos apreciados polo denunciante, nin eximen de responsabilidade pola infracción ao precepto citado.

Fundamento 4º. Así mesmo, non se estima preciso a apertura do período de proba xa que dos antecedentes do expediente, e do informe de ratificación, no seu caso, solicitado ao Axente, quedan suficientemente descritos e cualificados os feitos, acreditada a conduta denunciada e determinada a responsabilidade.

Esta Alcaldía ou, se é o caso, Concellería delegada e segundo os art. 7 e 71.4 da LSV dita a RESOLUCIÓN SANCIONADORA e imponse ao responsable a sanción que poderá facer efectiva coa carta de pago que se achega, no prazo de 15 días contados desde a presente notificación, transcorridos estes sen ter satisfeita a débeda en período voluntario esixírase en vía executiva (art. 90 LSV).

Contra esta resolución cabe interpor RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN no prazo dun mes desde o seguinte ao de notificación desta resolución, perante esta Alcaldía, sen que a súa interposición suspenda a execución do acto impugnado nin da sanción. No caso de que solicite a suspensión entenderase denegada despois de transcorrido o prazo dun mes desde a solicitud sen que esta se resolva. O recurso de reposición entenderase desestimado se non recae resolución expresa no prazo dun mes, quedando expedita a vía contencioso-administrativa (art. 82 LSV).

Cando a sanción sexa firme o infractor perderá, se é o caso, os puntos correspondentes (www.dgt.es)
Presentación de escritos e recursos: Nos lugares previstos no art. 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, e nos rexistros da Deputación Provincial da Coruña.

Para obter os documentos que figuran no expediente, tras o pago da taxa pola súa expedición, segundo a ordenanza fiscal nº 3 (consulta en: www.dicoruna.es/deputacion/ordenanzas); para exercer o dereito de acceso ás actuacións; e obtención de carta de pago poderá dirixirse ás oficinas tributarias da Deputación Provincial da Coruña, localizables no sitio www.dicoruna.es ou informarse no teléfono gratuito 900132204. A representación deberá acreditarse por calquera medio válido en dereito.

Expediente	Persoa denunciada			Norma	Art.	Apart.	Calif.	Puntos	Matrícula
Axente	Data	Hora	Lugar Infracción						
15297/2012	SANTIAGO GARCIA JOSE ANTONIO			CIR	154		G	0	7190BSR
194018	03/11/12	12:30	PZ Ramon Tojo ZONA URBANA					200,00	

PADRON, 02 de maio de 2013

Perante mín,

O Alcalde

A Secretaria



Antonio Fernández Angueira



Ana María Ares Álvarez



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 297 /2013.

De acordo co disposto no artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, e de conformidade coa Resolución deste Alcalde número 560/2011, do 27 de xullo,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da Comisión de Coordinación Municipal que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o día **9 de maio de 2013 (xoves) ás 11:00 horas**, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 25 de abril de 2013.
- 2.- Premio Literario "Camilo José Cela".
- 3.- Medidas de melloras informáticas nas diferentes dependencias municipais.
- 4.- Necesidades de desenvolvemento da Milla urbana.
- 5.- Dar conta da xuntaza mantida coa Directora de Emprego e Traballo.
- 6.- Dar conta da reestructuración da área de deportes.
- 7.- Programa municipal de alimentos en coordinación coas entidades sociais de Padrón.
- 8.- Dar conta da comunicación exposta na Praza de Abastos en relación aos residuos orgánicos.
- 9.- Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas membros da Comisión de Coordinación Municipal, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 3 de maio do 2013.



Asdo. Antonio Fernández Angueira



Ante min

A Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM. 298/2013

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vista a seguinte relación de facturas e gastos expedidas no exercicio económico 2013 ao Concello de Padrón e propostas para a súa aprobación polo Alcalde en Providencia de data 3 de maio de 2013, previo informe da Intervención Municipal.

Nº DE FACTURA	PROVEDOR E CONCEPTO	PARTIDA	I. BRUTO	I. LÍQUIDO
055	Francisco Ferro González, asesoramento técnico urbanismo mes abril	151-22706	1.564,65 €	1.293,10 €
TC 2013/77	Inbisa Servicios y medio ambiente S.A., recollida e transporte residuos abril	162-22700	18.700,00 €	18.700,00 €
04/2013	Juan Molares Agrelo, asesoramento xurídico urbanismo abril	151-22706	1.538,14 €	1.271,19 €
4/2013	Pequeños Escolares S.L., xestión gardería infantil mes abril	321-22706	4.166,67 €	4.166,67 €
5/2013	Ramón Andrés Rey Otero, asistencia técnica oficina rehabilitación abril	152-22706	1.251,72 €	1.034,48 €
	TOTAIS		27.221,18 €	26.465,44 €

Segundo: Visto o informe de reparo suspensivo nº 11/2013 emitido pola Intervención Municipal en data 3 de maio, en relación coas facturas relacionadas debido á omisión no expediente de requisitos e trámites esenciais.

Fundamentos de dereito:

Primeiro: Considerando que existe crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias expresadas na relación anterior do orzamento vixente prorrogado para o 2013, para poder aprobar as devanditas facturas, en todo caso a nivel de vinculación xurídica.

Segundo: Considerando a necesidade de evitar un enriquecemento inxusto da Administración, xa que o terceiro acreedor ten cumprido a súa prestación e, polo tanto, ten dereito a obter o importe da contraprestación pactada.

Terceiro: Considerando que o artigo 217.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que corresponderá ao Presidente da Entidade Local resolver a discrepancia plantexada pola Intervención Municipal, sendo a súa resolución executiva e sendo dita facultade indelegable en calquera caso.

Cuarto: Considerando que o órgano competente para aprobar as devanditas facturas é a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal cando establece que o Alcalde delega na Xunta de Goberno Local as atribucións que sinala o artigo 61.1 da Lei de Administración Local de Galicia, cuxo apartado g) establece que "compete ao Alcalde autorizar e dispoñer os gastos dentro dos límites da súa competencia, ordenar os pagos e render as contas".

RESOLVO:

Primeiro: Deixar sen efecto a discrepancia plantexada coa Intervención Municipal e proceder ao levantamento do reparo nº 11/2013 de 3 de maio, de conformidade co disposto no artigo 217.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Segundo: Continuar coa tramitación ordinaria das anteriores facturas.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que se pon fin á vía administrativa e contra o cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses

contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto: Dar conta da presente resolución aos Departamentos de Intervención e Tesourería.

Quinto: Dar conta ao Pleno da presente resolución na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Padrón, 3 de maio de 2013

O Alcade,



Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante min, A Secretaria,



Asdo. María Ares Álvarez



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 299 /2013

Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 27 de febreiro do 2012 don Carlos Arteaga Vázquez, con documento nacional de identidade número 33.265.754-A, policía local do Concello de Cerceda (A Coruña), presenta no Rexistro de Entrada de Documentos deste Concello solicitude para proveer temporalmente, en comisión de servizos, un posto de policía do Corpo da Policía Local de Padrón.

Segundo. O 6 de marzo do 2012 este Concello solicita ao de Cerceda autorización para que o solicitante provea o posto indicado en comisión de servizos por un período dun ano prorrogable por outro máis de acordo ao establecido no artigo 6.3 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policías locais de Galicia, así como certificación acreditativa da escala, subescala e clase, grupo, subgrupo e categoría, grao consolidado, antigüidade no posto e número de trienios consolidados, situación administrativa na que se atopa e permisos e licenzas desfrutados desde o 1 de xaneiro de 2012 e, de selo caso, permisos pendentes de desfrutar de anos anteriores.

Terceiro. O 12 de marzo do 2012 o Concelleiro delegado de persoal solicita informe ao Xefe da Policía Local de Padrón informe sobre a necesidade, de selo caso, de proveer o posto de traballo de policía vacante.

Cuarto. O 14 de marzo do 2012 o Concello de Cerceda notifica o Decreto do Alcalde do 8 de marzo do 2012, polo que se autoriza a don Carlos Arteaga Vázquez o desempeño en réxime de comisión de servizos dun posto de traballo de policía local no Concello de Padrón por un período dun ano desde o 1 de abril do 2012 e achega ademais a certificación solicitada.

Quinto. O 15 de marzo do 2012 o Xefe da Policía Local de Padrón emite informe no que se acredita a necesidade de proveer o posto de traballo da policía local que na actualidade está vacante.

Sexto. O 28 de marzo do 2012 emítese informe da interventora municipal.

Sétimo. O 29 de marzo de 2013, por acordo da Xunta de Goberno local, adscribese provisoriamente en comisión de servizos a don Carlos Arteaga Vázquez, policía local do Concello de Cerceda (A Coruña), ao posto de traballo de policía local do Concello de Padrón, código da Relación de postos de traballo 06.00.14, vacante desde o 18 de xuño de 2008, por un período máximo dun ano, contado desde o 1 de abril do 2012, ou antes si o posto se provee con carácter definitivo polo sistema legalmente establecido.

Oitavo: En data 31 de marzo de 2013 don Carlos Arteaga Vázquez remata a comisión de servizos neste Concello.

Fundamentos de dereito.

Único: Visto o artigo 21.1.f LBRL, os artigos 183 e seguintes do TRLRFL e os artigos 52 e seguintes do RD500/90.

RESOLVO:

Primeiro. Aproba-lo gasto e ordena-lo pago da liquidación do mes de marzo que lle corresponde a don Carlos Arteaga Vázquez, polos importes que se indican:

Importe Bruto	S. Social	IRPF	Importe líquido
1.039,71 €	0,00 €	166,36 €	873,35 €



Segundo. Notificar aos interesados a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, e contra a que poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Padrón, 29 de abril do 2013.

O Alcalde,

 Asdosaño Fernández Angueira


Ante min,
 A secretaria

 María Ares Álvarez,




Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900, Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981 810 451

Fax: 981 811 550

DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 300/2013.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e nas Resolucións deste Alcalde números 481/2011, do 7 de xullo, e 559/2011, do 27 de xullo,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **9 de maio do 2013 (xoves) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior de 25 de abril de 2013.

2.- Nomeamento do Comité de Expertos no procedemento de contratación do servizo de elaboración do Plan Especial de protección e rehabilitación do conxunto histórico de Padrón. Expte. 23/2012-SER-PA.

3.- Solicitud de cambio de titularidade de licenza municipal de apertura de establecemento adicado a pastelería sita na avenida de Compostela nº 12 do actual titular, don Eugenio Iglesias Catoira a favor de dona Peregrina García Magariños. Expte. 12/2013.

4.- Solicitud de licenza municipal de obras para construción de muro de peche no lugar de Devesiñas, Ponte Aldea, solicitada por dona Mª del Carmen García Cascallar. Expediente 47/2012.

5.- Informe da Corporación sobre a solicitud de licenza de actividade de almacén de produtos agrarios a ubicar na parcela nº 61 do polígono empresarial de Pazos, solicitada por Sersucóns S.L. Expediente actividade 27/2007.

6.- Solicitud de desestimento de licenza municipal de obras de rehabilitación do cemiterio de Cruces, solicitada por don José Rodríguez Fluza. Expediente 25/2011.

7.- Solicitud de licenza municipal de obras para segregación de finca no lugar de A Escravitude-Cruces, solicitada por dona Eulalia Espasandín Lens. Expediente 135/2011.

8.- Declaración de caducidade de solicitud de licenza municipal de obras de construción de nave para usos agrícolas no lugar de Outeiro-Carcacía, solicitada por dona Mª Teresa Rañó Sánchez. Expediente 153/2005.

9.- Autorización para a ocupación de terreos de dominio público coa instalación dunha terraza no número 3 da praza do Castro, solicitada por dona Pilar Nieto Rivas. Expediente 10/2013-ODP-TR.

10.- Axuda programa emerxencia social J.L.F.P.

11.- Axuda programa emerxencia social M.A.M.M.

12.- Axuda programa emerxencia social J.R.D.A.

13.- Axuda programa emerxencia social M.J.E.G.

14.- Axuda programa emerxencia social M.J.B.S.

15.- Axuda programa emerxencia social J.L.S.O.

- 16.- Aprobación de facturas e gastos.
- 17.- Aprobación de facturas e gastos correspondentes á celebración das festas de pascua 2013.
- 18.- Aprobación de facturas e gastos reparados suspensivamente pola intervención municipal.
- 19.- Ordenación de pagos nº 8/2013.
- 20.- Gastos de desprazamentos dentro do termo municipal por razón do servizo no mes de marzo de 2013 do monitor deportivo don Gonzalo Rodríguez Muíños.
- 21.- Gastos de desprazamentos dentro do termo municipal por razón do servizo no mes de marzo de 2013 do conserxe deportivo don Ángel Rey Conde.
- 22.- Gastos por desprazamentos dentro do termo municipal por razón do servizo no mes de marzo de 2013 da monitora deportiva dona Raquel Vázquez Montero.
- 23.- Gastos de locomoción do monitor deportivo don Roberto Martínez Cortizo.
- 24.- Aprobación da indemnización por gastos de locomoción do corporativo don Andrés Sanmarco Santos.
- 25.- Aprobación da indemnización por gastos de locomoción da corporativa dona Carmen Lois Ferrón.
- 26.- Xustificación do pago a xustificar concedido á Animadora Social dona M^a Cruz Taboada Álvarez.
- 27.- Xustificación do pago a xustificar concedido á traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos dona Purificación Regueira Vázquez.
- 28.- Aprobación das bases do concurso de narrativa XXIV Premio literario Camilo José Cela ano 2013.
- 29.- Liquidación dos gastos, danos e prexuízos ocasionados ao Concello de Padrón pola execución subsidiaria da demolición dun galpón na finca rústica núm. 8 do plano xeral da zona de concentración parcelaria da Escravitude propiedade de don Manuel Castelo Rivas.
- 30.- Aprobación do padrón fiscal da taxa polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores e acometidas, saneamento, depuración de augas residuais e canon de saneamento, correspondente ao primeiro trimestre de 2013 (xaneiro a marzo).
- 31.- Aprobación e pago de liquidacións en concepto de canon de saneamento de dependencias municipais correspondentes a recibos declarados como impagados pola compañía subministradora de auga.
- 32.- Devolución de garantía definitiva do contrato de obras "Acondicionamento de viais e saneamento en Prada, Montíño, Polígono de Pazos, Porta dos Mariños e Angueira de Suso (POS 2010)
- 33.- Reintegro de pagos a Isabel Lapido Rodríguez (ALISAL), por pago duplicado da factura núm. A/7 de 14/3/2011 por importe de 2.208,96 Euros.



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900, Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981 810 451

Fax: 981 811 550

34.- Liquidación da taxa de apertura, expediente núm. 9/2013/DR de solicitude de licenza municipal de actividade mediante presentación de dedeclaración responsable para a actividade de axencia de viaxes on line en local sito na Avenida Camilo José Cela, 5-B, 4º C, solicitada por don Andrés A. Sánchez Besteiro.

35.- Liquidación da taxa de apertura. Expediente núm. 31/2012/DR de solicitude de licenza municipal de actividade mediante presentación de declaración responsable para a actividade de comercio ao por menor de carnicería-charcutería ("O Chuletón").

36.- Liquidación da taxa por E.L.U. Expediente nº 31/2012/DR de solicitude de licenza municipal de obras mediante presentación de declaración responsable para o local "O Chuletón", sito na rúa Porta de Fondo de Vila núm. 2 baixo, a favor de don José Manuel Figueira Rodríguez.

37.- Liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.) expediente núm. 31/2012/DR de solicitude de licenza municipal de obras mediante presentación de declaración responsable para o local "O Chuletón" sito na rúa Porta de Fondo de Vila núm. 2, baixo, a favor de don José Manuel Figueira Rodríguez, en representación da entidade comercial Hostelera Ponte S.L.

38.- Liquidación da taxa de apertura por solicitude de licenza municipal de actividade mediante presentación de declaración responsable para a actividade de peluquería en local sito na Rúa do Carmen 30, solicitada por dona Carolina Pequeno Ríos.

39.- Corrección de erros do acordo adoptado na Xunta de Goberno local ordinaria de 14 de marzo de 2013 No punto nº 56 da convocatoria "Liquidación taxa por cambio de titularidade de apertura de actividade de comercio de prendas de vestir e complementos no local sito en Rúa Real nº 21".

40.- Alta de liquidación en concepto de taxa de recollida de lixo a nome de Cardama Vigo, Diego, do Inmoble sito en Avda. Camilo José Cela nº 5, 2º B, Padrón.

41.- Alta de liquidación en concepto de taxa de recollida de lixo a nome de Custoset S.L., do inmoble sito en Picaraña, 27, Padrón.

42.- Corrección de erros do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local ordinaria de 27 de marzo de 2013. No punto nº 53 da convocatoria "Alta de liquidación en concepto de taxa de recollida de lixo a nome de Martínez Pereira Carlos do inmbole sito en Iria Flavia 150 2 3º C, Padrón

43.- Liquidación do imposto sobre Construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.) expediente nº 156/2011 de solicitude de licenza municipal de obras para arranxo de tellado, pintado de fachadas, cambio de fiestras e canalóns e aplacado de pedra de fiestras de vivenda sita no lugar de romarís nº 17 a favor de Serafín Míguez Cruces.

44.- Liquidación da taxa por E.L.U. Expediente nº 156/2011 de solicitude de licenza municipal de obras para arranxo de tellado, pintado de fachadas, cambio de fiestras e canalóns e aplacado de pedra de fiestras de vivenda sita no lugar de Romarís nº 17 a favor de Serafín Míguez Cruces.

45.- Liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.), expediente nº 218/2008 de solicitude de licenza municipal de obras para restauración de galería de vivienda sita na Praza de Baltar a favor de Ernesto Baltar Feijoo.

46.- Liquidación da taxa por E.L.U. Expediente nº 218/2008 de solicitude de licenza municipal de obras para restauración de galería de vivenda sita na Praza de Baltar a favor de Ernesto Baltar Feijoo.

47.- Liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.), expediente nº 26/2009 de solicitude de licenza municipal de obras para acondicionamento de local para actividade de almacén e venda de estadas tubulares nas parcelas 7, 8, 9 e 10 bis do Polígono industrial de Pazos a favor de Layher, S.A.

48.- Liquidación da taxa por E.L.U. Expediente actividade nº 26/2009 de solicitude de licenza municipal de obras para acondicionamento de local para actividade de almacén de venda de estadas tubulares nas parcelas 7, 8, 9 e 10 bis do polígono industrial de pazos a favor de Layher S.A.

49.- Liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.), expediente nº 78/2011 de solicitude de licenza municipal de obras para peche de finca en Carcacia a favor de José Luis Couto Cortiñas.

50.- Liquidación da taxa por E.L.U. Expediente nº 78/2011 de solicitude de licenza municipal de obras para peche de finca en Carcacia a favor de José Luis Couto Cortiñas.

51.- Liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.), expediente actividade nº 42/2008 de solicitude de licenza municipal de obras para acondicionamento de naves industriais para o desenvolvemento da actividade de almacenamento e comercialización de produtos siderúrxicos nas naves 4, 5 e 6 do Polígono Industrial de Picusa, a favor de Grupo Ros Casares S.L.

52.- Liquidación da taxa por E.L.U. Expediente actividade nº 42/2008 de solicitude de licenza municipal de obras para acondicionamento de naves industriais para o desenvolvemento da actividade de almacenamento e comercialización de produtos siderúrxicos nas naves 4, 5 e 6 do polígono industrial de Picusa, a favor de grupo Ros Casares S.L.

53.- Liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.), expediente nº 4/2008 de solicitude de licenza municipal de obras para reforma e ampliación de vivenda de planta baixa, dúas plantas altas e planta baixo cuberta na rúa Peregrinos e Rúa Santiago, a favor de Eduardo Varela Piñeiro S.L.

54.- Liquidación da taxa por E.L.U. Expediente nº 4/2008 de solicitude de licenza municipal de obras para reforma e ampliación de vivenda de planta baixa, dúas plantas altas e planta baixo cuberta na rúa Peregrinos e Rúa Santiago, a favor de Eduardo Varela Piñeiro S.L.

55.- Liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.), expediente actividade nº 28/2009 de solicitude de licenza municipal de obras para acondicionamento de nave industrial na parcela G do vial F do Polígono de Picusa a favor de Stac S.L.

56.- Liquidación da taxa por E.L.U. Expediente actividade nº 28/2009 de solicitude de licenza municipal de obras para acondicionamento de nave industrial na parcela G do vial F do Polígono de PICUSA a favor de Stac. S.L.

57.- Liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.), expediente nº 193/2012 de solicitude de licenza municipal de obras para cambio de persianas e pintado interior de vivenda sita na Rúa Real 31, 1ºD, a favor de Jorge Andión López.

58.- Liquidación da taxa por E.L.U. Expediente nº 193/2012 de solicitude de licenza municipal de obras para cambio de persianas e pintado interior de vivenda sita na Rúa Real, 31,1ºD, a favor de Jorge Andión López.

59.- Liquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.), expediente nº 214/2012 de solicitude de licenza municipal de obras para retellado da capela de Santa Cruz, a



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900, Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981 810 451

Fax: 981 811 550

favor de Manuela López de Rego Stolle.

60.- Liquidación da taxa por E.L.U. Expediente nº 214/2012 de solicitude de licenza municipal de obras para retellado da capela de Santa Cruz, a favor de Manuela López de Rego Stolle.

61.- Liquidación do imposto sobre construcións, instalación e obras (I.C.I.O.), expediente nº 117/2011 de solicitude de licenza municipal de obras para centro prefabricado de transformación de enerxía eléctrica soterrado e reforma de rede de baixa tensión con canalización soterrada e liñas aéreas para mellora de servizo eléctrico no lugar de Lamas e Agronovo, solicitada por don Juan Ramón Guijarro Castro en representación de Unión Fenosa Distribución S.A.

62.- Liquidación da taxa por E.L.U. Expediente nº 117/2011 de solicitude de licenza municipal de obras para centro prefabricado de transformación de enerxía eléctrica soterrado e reforma de rede de baixa tensión con canalización soterrada e liñas aéreas para mellora de servizo eléctrico no lugar de Lamas e Agronovo, solicitada por don Juan Ramón Guijarro Castro en representación de Unión Fenosa Distribución S.A.

63.- Gratificación de don Gonzalo Hernaiz Cajaraville

64.- Gratificación persoal funcionario do servizo de limpeza viaria mes de marzo de 2013

65.- Gratificación o axente da policía local don Jorge Gómez Balea.

66.- Horas extraordinarias da técnica coordinadora de voluntariado dona Mª del Pilar Lorenzo Campos.

67.- Horas extraordinarias da axiliar administrativa de Secretaría dona Josefina Álvarez Rey.

68.- Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 7 de maio do 2013.



O Alcalde

Antonio Fernández Angueira



Ante min
A Secretaria

Ana María Ares Álvarez



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NUM. 301/2013.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 17 de xaneiro do 2013 aprobouse o expediente de contratación do servizo de elaboración do Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto histórico de Padrón, número 23/2012-SER-PA, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria e ordenouse a apertura do procedemento de licitación, o que se fixo público mediante a inserción do correspondentes anuncio no perfil do contratante do Concello de Padrón (www.concellodepadron.es ou www.contratosdegalicia.es) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Segundo. Dado que anuncio de licitación publicouse o 25 de xaneiro do 2013, o prazo de presentación das solicitudes de participación de 15 días naturais rematou o 9 de febreiro do 2013, téndose presentado un total de 14 licitadores, tal e como consta no certificado expedido pola secretaria municipal.

Terceiro. Resultando que no acordo de aprobación do expediente figuran como membros da mesa de contratación as e os seguintes:

- a) Presidente: don Antonio Fernández Angueira, alcalde do Concello de Padrón, ou concelleiro ou concelleira na que delegue.
- b) Vogais:
 1. Dona Carmen María Lois Ferrón, concelleira delegada do casco histórico do Concello de Padrón.
 2. Don Jesús Baliña de Jesús, arquitecto que presta servizos no Concello de Padrón.
 3. Dona Araixa Varela Bermúdez, interventora do Concello de Padrón, ou persoa que legalmente a substitúa.
 4. Dona Ana María Ares Álvarez, secretaria do Concello de Padrón, ou persoa que legalmente a substitúa.
- c) Secretaria: dona María José Fernández Dopazo, funcionaria do Concello de Padrón.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o disposto no artigo 320 e no apartado 10 da DA 2ª do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido la Lei de contratos do sector público (TRLCSP), e no artigo 21 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente aquela Lei.

Segundo. Considerando que a competencia para a celebración do contrato é do Alcalde en base á DA 2ª do TRLCSP, posto que o importe acumulado de tódalas anualidades non supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os 6.000.000 de euros nin a súa duración é superior ós catro anos, pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998.

Terceiro. Considerando a necesidade de cumprir o prazo de xustificación da adxudicación deste contrato (31/10/2012), e considerando que o artigo 14 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, recolle que *"Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de un asunto cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente"*,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar ás e aos membros da Mesa de Contratación encargada de valorar as solicitudes de participación presentadas polos licitadores participantes no procedemento de contratación do servizo de elaboración do Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto histórico de Padrón, número 23/2012-SER-PA, para o vindeiro día 9 de maio do 2013 ás 13:00 horas, no Salón de Plenos da Casa Consistorial, para os efectos de proceder a comprobar a documentación requirida dos sobres A que conteñen a documentación administrativa.

Segundo. Notificar a presente resolución ás e aos interesados e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 7 de maio do 2013



O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira



Ante min

A secretaria

Asdo. Ana María Arés Álvarez



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadrón.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE 302/2013

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 29 de novembro de 2012 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5907, escrito de D^a M^a Carmen Núñez Martínez de la Riva, no que en esencia se denuncia que por parte de D. Manuel Guillán García se estaban a levar a cabo obras sen se axustar á licenza municipal.

Segundo. En data 15 de xaneiro de 2013 o arquitecto técnico ao servizo do Concello D. Jesús Baliña de Jesús redacta informe técnico en base a visita de comprobación sobre o axuste das obras efectuadas á licenza obtida.

Terceiro. En data 5 de marzo de 2013 o asesor xurídico en materia de urbanismo D. Juan Molares Agrelo informa a procedencia de incoar expediente de reposición da legalidade.

Cuarto. En data 5 de marzo de 2013 emítense Resolución do alcalde 115/2013 que dispón a incoación de expediente de reposición da legalidade por obras en curso de execución de reforma interior e legalización de edificio para dúas vivendas e local comercial sito na rúa nova nº 11, por non se axustar ás condicións establecidas na licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 30 de novembro de 2010, así coma a notificación aos interesados coa apertura dun período de alegacións de dez días hábiles.

Quinto. En data 13 de marzo de 2013 D^a María del Carmen Nuñez Martínez de la Riva presenta escrito de alegacións.

Sexto. En data 11 de abril de 2013 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo redacta informe xurídico sobre as alegacións e o procedemento a seguir na tramitación do expediente.

Sétimo. En data 11 de abril de 2013 emítense resolución da alcaldía 230/2013, que dispón o axuste á legalidade das obras, requerindo ao promotor das mesmas para que as axuste no prazo de tres meses.

Oitavo. En data 12 de abril de 2013 D^a María del Carmen Nuñez Martínez de la Riva presenta novo escrito de alegacións á resolución 115/2013.

Noveno. En data 12 de abril de 2013 emítense as notificacións aos interesados da resolución 230/2013.

Décimo. En data 15 de abril de 2013 o denunciado D. Francisco Guillán García presenta escrito no que notifica ao Concello o inicio das obras de axuste aos termos da licenza.

Décimo primeiro. En data 22 de abril de 2013 o denunciado D. Francisco Guillán García presenta escrito no que refire a conclusión das obras de axuste solicitando informe técnico sobre o axuste das obras á licenza e achegando certificado de fin de obra asinado polo arquitecto D. José Emilio Piña Ordiz.

Décimo segundo. En data 2 de maio de 2013 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite informe técnico sobre o axuste das obras á licenza que conclúe que por parte do denunciado se procedeu a axustar as obras ás condicións da licenza.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro. Artigo 209 e concordantes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e

protección do medio rural de Galicia (LOUG), en canto ao procedemento a seguir na tramitación do presente expediente de reposición da legalidade.

Segundo. En canto ao escrito de alegacións presentado en data 12 de abril de 2013 por parte de D^a María del Carmen Nuñez de la Riva, en esencia o mesmo reitera os mesmos argumentos do escrito de alegacións presentado en data 13 de marzo. De xeito que, aparte de se presentar alegacións unha vez precluído o prazo para as mesmas, non se aportan novos elementos probatorios, co cal só podemos reiterarnos no manifestado na resolución 230/2013, no senso de entender que os temas referentes aos dereitos de contido patrimonial non resultan obxecto do presente procedemento de reposición da legalidade urbanística.

Terceiro. O informe técnico municipal de data 2 de maio de 2013 refire que por parte do promotor se procedeu a axustar a obra realizada aos termos da licenza. Así, procedeuse ao derrubo do forxado realizado sobre o patio traseiro que non viña reflectido no proxecto conforme o que foi concedida a licenza, co cal se elimina a ampliación duns 12,05 metros cadrados de superficie que non viña amparada pola licenza.

En canto á reconfiguración dos ocós, o informe técnico municipal refire e documenta gráficamente que o oco da fachada sur da edificación foi modificado para axustarse ao proxecto. En canto aos ocós da fachada leste, o técnico determina que se trata de ocós preexistentes, e que polo tanto non se configuraron novos ocós, que *“non influen ou alteran o acto de concesión da licenza outorgada no seu día”*. O feito de que non figurasen os referidos ocós no proxecto técnico, tendo en conta en todo momento que se trata de ocós preexistentes, non implica a obrigatoriedade de cegalos.

Neste senso o proxecto técnico, se ben documenta a intervención a realizar, non configura unha realidade inmutable e absoluta. A presenza deses ocós non supón unha alteración dos elementos esenciais do inmovible, nin determina unha variación das circunstancias que motivan o outorgamento da licenza, nin contravén a legalidade urbanística, máxime, reiteramos, cando se trata de ocós preexistentes. Polo tanto non se produce alteración algunha nin configuración de novos ocós, senón que se respecta a configuración orixinal do inmovible, circunstancia ésta que non pode orixinar unha reposición á legalidade urbanística, xa que a mesma non se veu alterada en forma algunha.

Cuarto. En canto á cuestión do oficio de dirección de obras, o denunciado achegou certificado de fin de obra asinado polo arquitecto D. José Emilio Piña Ordiz. Dado o remate das obras, neste punto resulta improcedente a aportación dos correspondentes oficios de dirección. Neste senso, o certificado de fin de obra cumpre coa finalidade de reflectir de forma indubitada o técnico responsable da dirección e execución das mesmas, polo que se considera xustificada este extremo, conforme se expresaba asimismo no informe xurídico de data 11 de abril de 2013 do asesor xurídico en materia de urbanismo, sen prexuízo das responsabilidades para o técnico que se poidan derivar do referido certificado, xa que as obras non estaban totalmente concluídas en data 26 de novembro de 2012.

Quinto. Considerando o informe do arquitecto técnico municipal de data 2 de maio de 2013, e os argumentos no mesmo contidos que son asumidos por esta resolución como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réximen xurídico e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Sexto. Considerando as competencias que os artigos 210 e 211 da LOUG atribúen ao Alcalde,

RESOLVO:

Primeiro. Determinar o axuste das obras realizadas na rúa nova 11, promovidas por D. Francisco Manuel Guillán García, á legalidade urbanística, conforme a licenza outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón en data 30 de novembro de 2010, declarando concluído o expediente de reposición da legalidade incoado por resolución 115/2013, de 5 de marzo, sen que procedan novas



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

actuacións.

Segundo. Deixar sen efecto a orde de paralización de obras emitida por resolución 115/2013, de 5 de marzo.

Terceiro. Dar traslado da presente resolución ao servizo municipal de urbanismo, así como dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Quinto. Notificar a presente resolución aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente, conforme o disposto polo artigo 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC).

Padrón, a 8 de maio de 2013.



Asdo. Antonio Fernández Angueira.



Ante min,

A Secretaría.

Asdo. Ana María Ares Álvarez.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tf: 981 810 451
Fax: 981 811 550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 303 /2013.

Visto o texto do Convenio de Colaboración asinado entre o Consejo General del Poder Judicial, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) sobre a detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento de vivenda familiar e medidas de carácter social, cuxa finalidade é por en marcha programas de asistencia e realoxamento e que tan só obriga ao Concello, a través dos servizos sociais municipais, a colaborar na análise das situacións de vulnerabilidade e na aplicación das medidas propostas, e

Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a adhesión do Concello de Padrón ao Convenio de Colaboración asinado entre o Consejo General del Poder Judicial, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) sobre a detección de supostos de vulnerabilidade con ocasión do lanzamento de vivenda familiar e medidas de carácter social e, en consecuencia, aceptar os compromisos incluídos no seu clausulado.

Segundo. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Padrón, 7 de maio do 2013

O Alcalde



Antonio Fernández Angueira

Ante min



Secretaria

Astlo. Ana María Ares Álvarez



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE 304/2013

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

Primeiro. En data 16 de abril de 2013 a Asociación "Moto Club Enduro Rois" con CIF G70300272 presenta solicitude de autorización municipal para a celebración, en data 2 de xuño de 2013, da 2ª proba puntuable para o Campionato Galego de Resistencia Enduro, baixo a denominación "I Resistencia Enduro Concello de Padrón".

Segundo. En data 2 de maio de 2013 emítese resolución do alcalde 295/2013, que autoriza a celebración do evento.

Terceiro. En data 8 de maio de 2013 D. Antonio Bouzas Bentín en representación da entidade solicitante achega escrito solicitando o troco da data prevista para o día 1 de xuño de 2013

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Trátase da autorización para a celebración dunha proba de resistencia, consistente na delimitación dun circuito valado e delimitado por cinta no que os participantes darán voltas durante 4 horas. O circuito non incide na circulación ordinaria da zona, ao realizarse campo a través, no Polígono Empresarial de Pazos. Neste senso a organización asume a responsabilidade que se poida derivar de danos ocasionados a bens particulares ou públicos, así coma aos participantes e espectadores.

Neste senso, a autorización municipal non exime do cumprimento da normativa de aplicación, da obriga dos organizadores de contar cos preceptivos seguros de responsabilidade civil, e en xeral a adopción das medidas de seguridade necesarias para a celebración da proba.

Non existe impedimento para a celebración na data proposta, o día 1 de xuño de 2013

Segundo. Resulta competente o Alcalde, en virtude do disposto polo artigo 21 da lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local.

RESOLVO:

Primeiro. Autorizar a celebración do tradicional "I Resistencia Enduro Concello de Padrón", en data 1 de xuño de 2013, no Polígono Empresarial de Pazos, de 9 a 14 horas, actuando coma entidade organizadora e responsable do evento a asociación "Moto Club Enduro Rois"

A autorización se outorga coas mesmas previsións e condicións referidas na resolución 295/2013, de 2 de maio.

Segundo. A presente autorización outorgase salvo dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros.


Terceiro. Dar traslado do presente acordo ao servizo de Policía Local e a Garda Civil para o seu coñecemento, así coma dar conta ao pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Cuarto. Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxulzo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

En Padrón, a 8 de maio do 2013



Asdo. Antonio Fernández Angueira.



Asdo. Antonia Mercedes Álvarez



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM. 30/2013.

Antecedentes administrativos.

Visto o anuncio da Deputación Provincial da Coruña das bases reguladoras do Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos para o exercicio 2013 (BOP número 75 de 19/04/2013).

Visto o cadro das achegas distribuídas por entidades beneficiarias, módulo e contía máxima que figura no ANEXO 1 das bases, no referido ao Concello de Padrón :

MÓDULO	Concepto subvencionado (retribucións e Seguridade Social do persoal indicado)	Achega máxima
IA	Persoal auxiliar administrativo	13.915,53 €
IC	Persoal auxiliar administrativo	12.028,57 €
IIC	Persoal técnico de grao medio	15.012,59 €
IID	Persoal técnico de grao medio	13.928,85 €
IV	Persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar básico	17.643,83 €
	TOTAL	72.529,37 €

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Segundo. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Terceiro. Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto. Real Decreto 2568/1986 , de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Quinto. Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

RESOLVO:

Primeiro. Coñecer e aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.

Segundo. Adherirse ao Plan de servizos sociais comunitarios básicos da Deputación da Coruña para o 2013, de acordo coas contías xerais previstas no ANEXO 1 do Plan e co financiamento que se indica no proxecto de servizos sociais comunitarios básicos (anexo 3) que se achega coa solicitude.

Terceiro. Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.

Cuarto. Aceptar o compromiso de publicitar a achega provincial e a facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet.

Quinto. A entidade acepta a regularización financeira para compensar as achegas cos remanentes de exercicios anteriores.

Sexto. Facultar expresamente ao Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Setimo. Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Padrón, 7 de maio de 2013



O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira



Ante min
A Secretaria.

Asdo. Ana Mª Ares Álvarez



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NUM. 306/2013.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. O de 15 de outubro 2012 ten entrada no Rexistro Municipal, co número 8869, denuncia presentada por don Manuel Novo Suárez con domicilio en Pedreira número 37 na que manifesta que existe unha finca colindante a da súa propiedade se atopa chea de maleza, chegando a invadila.

Segundo. O 25 de outubro de 2012 o Xefe da Policía Local emite un informe no que efectuou a inspección do terreo, achegando co informe 2 fotografías da parcela.

Terceiro. Por Providencia do Alcalde do 26 de outubro do 2012 solicítase ao servizo de secretaría un informe sobre o procedemento a seguir para facer cumprir as obrigas de limpeza e mantemento de fincas urbanas e rústicas impostas pola normativa vixente, o cal resulta emitido o 2 de novembro de 2012.

Cuarto. En data 9 de novembro de 2012 notificouse a don Jesús Cardama con documento nacional de identidade 33277308, a resolución número 458/2012 na que se lle ordea a dona Vicenta Cardama González, en calidade de titular da finca situada en Lugar de a Pedreira, número 5, Padrón, a proceder no prazo de máximo de quince (15) días hábiles á limpeza e acondicionamento da finca sita en

Quinto. Transcorrido o período de audiencia non se presentaron alegacións.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O artigo 9 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), di que todo propietario de terras *"deberán mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e de rehabilitación, e conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga"*.

Segundo. No mesmo sentido o artigo 9 do Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo, sinala que o dereito de propiedade do solo comprende o deber de conservalo nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato legalmente esixibles, e no solo que sexa rural aos efectos desta lei ou estea vacante de edificación, o deber de conservación supón manter os terreos e a súa masa vexetal en condicións de evitar riscos de erosión, incendio, inundación para a seguridade ou saúde pública, dano ou perxuízo a terceiros ou ó interese xeral, incluído o ambiental; prevenir a contaminación do solo, a auga ou o aire e as emisións contaminantes indebidas noutros bens e no seu caso proceder á súa recuperación.

Terceiro. Asemade o artigo 27.1 da Ordenanza xeral de limpeza e ornato público deste Concello, publicada no BOP número 146 do 28 de xuño de 2004, sinala que *"os propietarios de solares e terreos deberán mantelos limpos, libres de desfeitos e residuos, e nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e ornato público"*.

Cuarto. Considerando o procedemento recollido nos artigos 199 da LOUG e 26 e 27 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística de Galicia (RDUG),

RESOLVO:

Primeiro. Ordear a dona Vicenta Cardama González con documento nacional de identidade 35.130.466-J, en calidade de titular da finca con referencia catastral 7624411NH2372S0001GO situada no paraxe denominado a Pedreira nº5, en Padrón, a proceder no prazo de máximo de quince (15) días hábiles á limpeza e acondicionamento da finca, de tal xeito que a maleza non invada camiños ou fincas colindantes e se evite a erosión, os incendios e a contaminación da terra, aire ou auga.

Segundo. Apercibirlle que de non facelo no prazo indicado, e de acordo co artigo 28 do RDUG e 199.4 da LOUG, **procederáse a imposición de multas coercitivas por importe de trescentos euros (300,00 €) reiterables por cada período de vinte e catro (24) horas** períodos de tempo no que se manteña o incumprimento da presente orde ata logralo seu cumprimento.

Terceiro. Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado da presente Resolución ao servizo da Policía Local aos efectos de que transcorrido o prazo máximo outorgado no apartado primeiro deste acordo, se comprobe o seu correcto cumprimento ou non, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Radión, 7 de maio do 2013



Asdo Antonio Fernández Angueira.



Ante min.

A Secretaria

Asdo María Ares Álvarez.



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 367 /2013.

Antecedentes administrativos.

Visto. A proposta da Técnica Coordinadora de Voluntariado co visto e prace da Concelleira de Xuventude e Voluntariado para a realización dun "Obradoiro sobre autocoñecemento para o cambio e o crecemento persoal para voluntarias e mulleres " cun orzamento de 1.679, 40 €.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Regulamento Interno de Voluntariado.

Segundo. Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia.

Terceiro. Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.

Carto. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Sexto. Considerando que a competencia para a aprobación de actividades que conlevan gasto está delegada na Xunta de Goberno Local mediante Decreto da Alcaldía do 6 de xullo de 2007.

Sétimo. En virtude do disposto polo artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que recolle que "*Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de un asunto cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente*", tendo en conta a urxencia que concorre na aprobación da actividade para que se poda desenvolver segundo o programa e nas datas dispoñibles pola formadora – do 21 de maio ao 25 de xuño-.

RESOLVO:

Primeiro. Avocar con carácter singular a competencia para a aprobación da realización do "Obradoiro sobre autocoñecemento para o cambio e o crecemento persoal para voluntarias e mulleres " que conleva custe económico, resolución da cal corresponde ordinariamente á Xunta de Goberno Local, por concorrer neste caso razóns de urxencia para dar cumprimento ao programa.

Segundo. - Aprobar a realización do "Obradoiro sobre autocoñecemento para o cambio e o crecemento persoal para voluntarias e mulleres " por Roxana Volio Mongue cun importe total de 1.679,40 €.

Terceiro.- A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da recepción da notificación presente, ou ben, directamente, recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso – administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución presente resolución aos departamentos de Intervención e Concellería de Xuventude e Voluntariado.

Quinto.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Padrón, 9 de maio de 2013


Alcalde, *L. e.*
Asdó. Antonio Fernández Angueira

Ante min,
Secretaria, *[Signature]*
Asdó. Ana M^a Ares Álvarez



Padrón

Excmo. Concello de Padrón

Rúa Longa 27
15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno.: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE. N^o 308/2013

Visto o escrito presentado o 7 de maio de 2013, número de rexistro de entrada 3699, por dona Bienvenida Diz Baleirón, no que solicita copia do proxecto de estatutos e bases da Xunta de Compensación do solo urbanizable industrial de Extramundi de Abaixo, e

Considerando que o artigo 31.1.b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sinala que teñen a condición de interesados nos procedementos administrativos "los que, sin haber iniciado el procedimiento, tengan derechos que puedan resultar afectados por la decisión que en el mismo se adopte", e que o artigo 35.a) da mesma lei establece que os interesados nos procedementos administrativos teñen dereito a "obtener copias de documentos contenidos en ellos",

RESOLVO:

Primeiro. Acceder ao solicitado por dona Bienvenida Diz Baleirón o 7 de maio de 2013 en tanto que interesado no expediente e en consecuencia outorgalle copia do proxecto de estatutos e bases da Xunta de Compensación do solo urbanizable industrial de Extramundi de Abaixo.

Segundo. O solicitante poderá retirar as copias nas oficinas do Rexistro Municipal de Entrada e Saída de Documentos situada na pranta baixa da Casa do Concello, rúa Longa, número 27, Padrón, previo pago da taxa pola expedición de copias regulada na Ordenanza fiscal número 4 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos..

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas coa indicación de que non pon fin á via administrativa sen perxuízo de formular as alegacións que estimen pertinentes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Cuarto. Dar conta ao Pleno da presente resolución na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 9 de maio de 2013.



O Alcalde,

Asdo. Antonio Fernández Angueira.



Ante min,
A secretaria,

Asdo. Ana María Ares Álvarez.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 810 451

Fax: 981 811 550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 309 /2013.

Visto que o 26 de abril do 2013 ten entrada no rexistro municipal escrito do Presidente da Fundación Rosalía de Castro no que solicita o préstamo da talla de madeira de Rosalía de Castro que se custodia na Casa do Concello, co obxecto de exhibila na exposición que se desenvolverá do 15 de maio ao 15 de agosto do 2013 na sede da Fundación Barrié en Vigo baixo o título "*No principio foi o verso, O cantar dos Cantares*". Achega coa solicitude unha Memoria da condicións das áreas de exposición da sede da Fundación en Vigo.

Considerando que o artigo 90.1. da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, recolle que podrá autorizarse o uso de bens adscritos ó patrimonio do estado "*por persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas para o cumprimento esporádico ou temporal de fins ou funcións públicas, previo informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, por catro anos, prorrogables por igual prazo*" e que "*non se suxerán ós requisitos previstos no apartado 1 deste artigo, as autorizacións de uso por prazo inferior a 30 días ou para a organización de conferencias, seminarios, presentacións ou outros eventos*".

Considerando que o artigo 92.5 da mesma lei sinala que estas autorizacións de uso temporal serán gratuítas, en termos xerais, cando non leven aparelada unha utilidade económica para a persoa autorizada.

Considerando que o artigo 21.1.s. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, atribúe ao Alcalde aquelas competencias non expresamente atribuídas a outros órganos municipais,

RESOLVO:

Primeiro. Autorizar o préstamo temporal da talla de madeira de Rosalía de Castro que se custodia na Casa do Concello, a don Anxo Angueira Viturro, en nome e representación da Fundación Rosalía de Castro en calidade de Presidente da mesma, para a súa exposición na sede da Fundación Barrié en Vigo situada en rúa Policarpo Sanz, 31, 36202 Vigo (Pontevedra), desde o día 15 de maio ao 15 de agosto do 2013, coas seguintes condicións:

- Con anterioridade á entrega da peza, a Fundación deberá nomear e comunicarllo ao Concello unha persoa que se encargará de acompañar á peza en tódolos traslados facéndose responsable da súa custodia e coa cal formalizarase a acta de entrega e recepción.
- A embalaxe e traslado da peza será realizado a cargo da Fundación Rosalía de Castro e deberá reunir tódolas medidas de seguridade para que a peza non sufra ningún tipo de deterioro.
- A entrega realizarase o día 10 de maio de 2013 en presenza da Concelleira delegada da área de cultura, inspeccionándose ás condicións de embalaxe e traslado e poidendo acordar a non entrega da peza nese momento si se considera que non se reúne as condicións axeitadas. O acto formalizarase na correspondente acta de entrega.
- Calquera dano ou deterioro que poida sufrir a peza durante ou a causa do seu embalaxe, traslado, exposición e devolución deberán ser reparados pola Fundación Rosalía de Castro ou substituírse pola indemnización correspondente previa peritación ao respecto.
- A peza figurará na exposición, catálogo ou calquera outro medio indicando que é titular da mesma o Concello de Padrón.
- A peza non poderá ser obxecto de ningún tipo de restauración, limpeza ou intervención sen autorización previa do Concello de Padrón e calquera incidencia que poidera sufrir deberá comunicárselle de inmediato.
- A peza só se poderá utilizar para o fin indicado na autorización. Calquera cambio de lugar ou de custodia requirirá nova autorización.
- A reprodución da peza queda suxeita á autorización previa do Concello de Padrón.

- A devolución realizarase no prazo máximo dos 7 días naturais seguintes ao remate na exposición, previa comunicación ao respecto do día e hora concreto, no mesmo lugar de recollida debendo deixar a peza nas mesmas condicións e colocación na que se atopaba. Realizarase igualmente en presenza da Concelleira delegada da área de cultura. Nese intre, con carácter previo á formalización da correspondente acta de recepción, comprobarase que a peza atópase en óptimas condicións, sen perxuízo de posteriores comprobacións. De non ser así, os posibles danos ou desperfectos observados faranse constar na acta para os efectos oportunos.

Segundo. O préstamo queda condicionado á aceptación por parte da Fundación Rosalía de Castro das condicións sinaladas no parágrafo anterior, a través da persoa que a represente. Sen esta aceptación expresa a peza non será entregada.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin a vía administrativa e contra a cal poderase interpor, potestivamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes, contado desde o día de recepción da notificación, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Cuarto. Dar traslado da presente resolución ao departamento de cultura e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Padrón, 10 de maio do 2013


Alcalde

Antonio Fernández Angueira


Anto min
A Secretaria

Ana María Ares Alvarez



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 310/2013

Antecedentes administrativos:

Primeiro: Vista a Orde do 5 de febreiro de 2013 da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria (D.O.G nº 28 do 8 de febreiro de 2013).

Segundo: Visto o expediente tramitado en aras á consecución da devandita subvención para a organización de programas para a dinamización lingüística no Concello de Padrón.

Terceiro: Vista a Resolución da xefa do Servizo de Xestión e Promoción Lingüística de 6 de maio de 2013, con RXE 3839, de 9 de maio de 2013, pola que se concede unha subvención ao Concello de Padrón por importe de 1.800,00 euros para a organización de programas de dinamización lingüística no ámbito local de Padrón.

Cuarto: Vista a proposta do Alcalde de 10 de maio de 2013 de incoación do oportuno expediente de modificación orzamentaria na súa versión de xeración de crédito nº 7/2013 para poder levar a cabo a actuación subvencionada.

Quinto: Visto o Informe da Intervención Municipal de 10 de maio de 2013.

Fundamentos de Dereito:

Único: A base de execución do orzamento vixente nº 14, reguladora das xeracións de crédito, establece que a tramitación do expediente deberá constar dunha proposta da Alcaldía, Informe de Intervención e que o órgano competente para a súa aprobación é o Alcalde mediante decreto.

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar o expediente de xeración de crédito núm. 7/2013 segundo o seguinte detalle:

Estado de Gastos

Partida	Denominación	Importe
334/226.09	Promoción cultural. Actividades culturais	1.800,00 euros
	TOTAL	1.800,00 euros

Estado de Ingresos

Partida	Denominación	Importe
450.90	Outras subvencións correntes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.	1.800,00 euros
	TOTAL	1.800,00 euros

Segundo: Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro: Dar traslado á Intervención Municipal aos efectos das súas implicacións contables.

Cuarto: Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Padrón, 10 de maio de 2013



[Handwritten signature]

Asdo Antonio Fernández Angueira



[Handwritten signature]

Ante mñ. A Secretaria,

Asdo Ana María Ares Álvarez



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 810 451

Fax: 981 811 550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 311 /2013.

Visto o texto do Protocolo de intencións para a colaboración entre o Concello de Padrón e outros 17 concellos da Área de Santiago (A Estrada, Ames, Arzúa, Boqueixón, Brión, Melide, O Pino, Oroso, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces) para formalizar a existencia dun grupo de traballo que trata de afondar nas liñas de actuación conxunta para a posta en valor e promoción dos recursos turísticos de toda a área, creación de paquetes turísticos, etc, e

Considerando as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o Protocolo de intencións para a colaboración entre o Concello de Padrón e outros 17 concellos da Área de Santiago e, en consecuencia, aceptar os compromisos incluídos no seu clausulado.

Segundo. Designar como representante do Concello de Padrón na comisión de seguimento e desenvolvemento do mesmo, prevista no apartado sexto, a don Alberto Rey Castro, técnico de turismo do Concello de Padrón.

Terceiro. Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Padrón, 8 de maio do 2013



[Handwritten signature]

Asdo. Antonio Fernández Angueira



Ante min
secretaria

[Handwritten signature]

Asdo. Ana María Ares Álvarez



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM. 312/2013.

Antecedentes administrativos.

Vista a reclamación contra as liquidacións en concepto de imposto sobre recollida de lixo presentada por recorrentes que, en síntese alegan a improcedencia das liquidacións polos motivos a continuación expresados:

Primeiro.- Vista a solicitude presentada por don Fernando Arias Gallego, con DNI 34952425S, e con enderezo na rúa Angel Amor Ruibal, 16 – 4ºC, no concello de Pontevedra na que solicita a baixa do recibo:

Número fixo recibo: 253000483237

Domicilio tributario: Avda Camilo José Cela 25-P01C

Titular recibo: Fernando Arias Gallego

Solicitude: Anulación recibos recollida lixo do ano: 2013.

Motivo: Titular improcedente.

Segundo.- Dos antecedentes que obran en poder desta administración se constata que:

Verificado polos servizos correspondentes comprobouse que o citado inmovible e o Cuartel da Garda Civil, e o interesado cambiou de domicilio o 15 de outubro de 2012.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.- Debidamente estudadas polos servizos municipais, resulta que as liquidacións obxecto das reclamacións non se axustan a dereito, resultando procedente o solicitado.

Segundo.- Visto o artigo 7 da ordenanza reguladora de recollida de lixo, aprobada pola Corporación Municipal en sesión plenaria celebrada o 12 de novembro de 2007 (BOP nº 19, do 23 de xaneiro de 2008).

Terceiro.- Visto que de conformidade co disposto no artigo da lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a Administración rectificará de oficio ou instancia do interesado, os erros materiais ou de feito aritméticos, sempre que non houberan transcorrido o prazo de prescrición.

Cuarto. Tendo en conta as competencias atribuídas ao Alcalde no art. 21 da lei 7/85 de abril de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Estimar a reclamación presentada e proceder á anulación dos seguintes recibos polo concepto de recollida de lixo que a continuación se relacionan:

Número fixo recibo: 253000483237

Domicilio tributario: Avda Camilo José Cela 25-P01C

Titular recibo: Fernando Arias Gallego

Solicitude: Anulación recibos recollida lixo do ano: 2013.

Motivo: Titular improcedente.

Segundo.- Que se proceda, no seu caso á inclusión das modificacións no padrón fiscal para o ano vindeiro.

Terceiro.- Que se notifique o presente acordo en materia da súa competencia á Deputación Provincial da Coruña e ós interesados.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución o Pleno na primeira sesión que celebre.

Quinto.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes contado desde a recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Padrón, 13 de maio de 2013.



O Alcalde,

Asdo. Antonio Fernández Angueira.



Ante min,

A secretaria,

Asdo. Ana María Ares Álvarez.



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM. 313/2013.

Antecedentes administrativos.

Vista a reclamación contra as liquidacións en concepto de imposto sobre recollida de lixo presentada por recurrentes que, en síntese alegan a improcedencia das liquidacións polos motivos a continuación expresados:

Primeiro.- Vista a solicitude presentada por don Manuel Romero Vigo, con DNI 76467940R, e con enderezo no lugar de Cancela Abrea, no concello de Dodro na que solicita a baixa do recibo:

Número fixo recibo: 253000483016

Domicilio tributario: Avda Puenteceures 13, 4ºD

Titular recibo: Romero Calvo María Ángeles

Solicitude: Anulación recibos recollida lixo do ano: 2013.

Motivo: Titular improcedente.

Segundo.- Dos antecedentes que obran en poder desta administración se constata que:

Verificado polos servizos correspondentes comprobouse que o citado inmovible ten o recibo do lixo duplicado co de don Manuel Romero Vigo, na referencia catastral 8017140NH2381N0016YM.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.- Debidamente estudadas polos servizos municipais, resulta que as liquidacións obxecto das reclamacións non se axustan a dereito, resultando procedente o solicitado.

Segundo.- Visto o artigo 7 da ordenanza reguladora de recollida de lixo, aprobada pola Corporación Municipal en sesión plenaria celebrada o 12 de novembro de 2007 (BOP nº 19, do 23 de xaneiro de 2008).

Terceiro.- Visto que de conformidade co disposto no artigo da lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a Administración rectificará de oficio ou instancia do interesado, os erros materiais ou de feito aritméticos, sempre que non houberan transcorrido o prazo de prescrición.

Cuarto. Tendo en conta as competencias atribuídas ao Alcalde no art. 21 da lei 7/85 de abril de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Estimar a reclamación presentada e proceder á anulación dos seguintes recibos polo concepto de recollida de lixo que a continuación se relacionan:

Número fixo recibo: 253000483016

Domicilio tributario: Avda Puenteceures 13, 4ºD

Titular recibo: Romero Calvo María Ángeles

Solicitude: Anulación recibos recollida lixo do ano: 2013.

Motivo: Titular improcedente.



Segundo.- Que se proceda, no seu caso á inclusión das modificacións no padrón fiscal para o ano vindeiro.

Terceiro.- Que se notifique o presente acordo en materia da súa competencia á Deputación Provincial da Coruña e ós interesados.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución o Pleno na primeira sesión que celebre.

Quinto.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes contado desde a recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Padrón, 13 de maio de 2013.

O Alcalde,


Asno Antonio Fernández Angueira.

Ante min,
Secretaria,


Aseo. Ana María Ares Álvarez.



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

www.concellodepadron.es

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM. 314/2013.

Antecedentes administrativos.

Vista a reclamación contra as liquidacións en concepto de imposto sobre recollida de lixo presentada por recorrentes que, en síntese alegan a improcedencia das liquidacións polos motivos a continuación expresados:

Primeiro.- Vista a solicitude presentada por don Javier Ferreira Mouríño, con DNI 76508048C, e con enderezo no lugar de Carrais 12, no concello de Rois na que solicita a baixa do recibo:

Número fixo recibo: 253000483007

Domicilio tributario: Avda Puenteceures 13, 3ºB

Titular recibo: Rodríguez Tubío Josefina

Solicitud: Anulación recibos recollida lixo do ano: 2013.

Motivo: Titular improcedente.

Segundo.- Dos antecedentes que obran en poder desta administración se constata que:

Verificado polos servizos correspondentes comprobouse que o citado inmovible ten o recibo do lixo duplicado co de don Javier Ferreira Mouríño, na referencia catastral 8017140NH2381N0013EB.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.- Debidamente estudadas polos servizos municipais, resulta que as liquidacións obxecto das reclamacións non se axustan a dereito, resultando procedente o solicitado.

Segundo.- Visto o artigo 7 da ordenanza reguladora de recollida de lixo, aprobada pola Corporación Municipal en sesión plenaria celebrada o 12 de novembro de 2007 (BOP nº 19, do 23 de xaneiro de 2008).

Terceiro.- Visto que de conformidade co disposto no artigo da lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a Administración rectificará de oficio ou instancia do interesado, os erros materiais ou de feito aritméticos, sempre que non houberan transcorrido o prazo de prescrición.

Cuarto. Tendo en conta as competencias atribuídas ao Alcalde no art. 21 da lei 7/85 de abril de Bases do Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.- Estimar a reclamación presentada e proceder á anulación dos seguintes recibos polo concepto de recollida de lixo que a continuación se relacionan:

Número fixo recibo: 253000483007

Domicilio tributario: Avda Puenteceures 13, 3ºB

Titular recibo: Rodríguez Tubío Josefina

Solicitud: Anulación recibos recollida lixo do ano: 2013.

Motivo: Titular improcedente.

Segundo.- Que se proceda, no seu caso á inclusión das modificacións no padrón fiscal para o ano vindeiro.

Terceiro.- Que se notifique o presente acordo en materia da súa competencia á Deputación Provincial da Coruña e ós interesados.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución o Pleno na primeira sesión que celebre.

Quinto.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes contado desde a recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Padrón, 13 de maio de 2013.


O Alcalde,



Asdo. Antonio Fernández Angueira.

Ante min,

A secretaria,



Asdo. María Ares Álvarez.



Padrón

Exmo. Concello de Padrón

Rúa Longa 27
15900 - Padrón (A Coruña)
www.concellodepadron.es
Tfno: 981810451
Fax: 981811550

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM. 315/2013

Visto o escrito presentado o 27 de abril do 2013, número de rexistro de entrada 3523, por don Camilo Forján Seoane, en representación do PSdeG-PSOE e membro da Corporación Municipal de Padrón, no que solicita copia da acta da Comisión de Coordinación Municipal celebrada o día 25 de abril do 2013, e

Considerando o disposto no artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local e 14 do Real decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais,



RESOLVO:

Primeiro. Outorgar a don Camilo Forján Seoane, copia da acta, xa aprobada, da Comisión de Coordinación Municipal celebrada o día 25 de abril de 2013, que lle será remitida por correo electrónico.

Segundo. Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Padrón, 13 de maio de 2013

 Alcalde


Asdo. Antonio Fernández Angueira.

Ante min
 Secretaria


Asdo. Ana María Ares Álvarez.

